

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a axuda concedida pola Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión extraordinaria de 28/08/2020, ao Concello de Ribadumia, como entidade colaboradora do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra "O teu primeiro emprego", para a contratación laboral temporal, a xornada completa, na modalidade de contrato en prácticas, por espazo de seis meses, prorrogables por outros seis meses, de:

- DUN/HA TITULADO/A MESTRE ESPECIALIDADE EDUCACIÓN INFANTIL/GRAO EDUCACIÓN INFANTIL.

Segundo o disposto nas bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra "O teu primeiro emprego" (BOP nº 117, de data 19/09/2020), os traballadores/as haberían de estar inscritos/as como desempregados/as ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego e o Concello debería formular oferta de emprego ante a oficina de emprego para a preselección por esta dun máximo de cinco aspirantes por cada posto ofertado.

Tendo en conta, así mesmo, que as bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra "O teu primeiro emprego" (BOP nº 117, de data 19/09/2020) establecen de xeito taxado os requisitos dos/as aspirantes, así como os criterios de selección dos/as aspirantes preseleccionados/as polo Servizo Público e Emprego.

Vista a preselección (Nº de oferta 12-2020-7736) levada a cabo polo Servizo Público de Emprego, pola que foron remitidas cinco candidatas ao Concello de Ribadumia, presentando todas elas no rexistro municipal, solicitude de participación no proceso selectivo, segundo o establecido nas bases e na notificación que lles foi remitida polo Servizo Público de Emprego.

Por canto antecede, esta Alcaldía nas competencias que ten atribuídas polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co artigo 41.14 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e de acordo co establecido nas bases do proceso selectivo,



FIRMANTE - FECHA



RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos en dito proceso selectivo:

Aspirantes provisionalmente admitidos:

Abal Amil, Sara

Cruz Díz, Inés

Giráldez González, Lorena

Parreño Usatorre, Alba

Vazquez Coira, Alba

SEGUNDO.- Expoñer a lista dos aspirantes provisionalmente admitidos e excluídos no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na web municipal.

TERCEIRO.- Convocar aos membros do tribunal para a súa constitución e valoración dos méritos alegados polas aspirantes o vindeiro xoves día 1 de outubro de 2020 as 12:30 horas na casa do Concello de Ribadumia. As baremacións obtidas, publicarase no Taboleiro de Edictos da Corporación e na web municipal.

Manda e asina, en Ribadumia, o Sr. Alcalde David J. Castro Mougán, ante min a secretaria-interventora M^a Dolores Franco Mateo, que dou fe.



| | | |
|--|--|--|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400021E2800B2M4V2H4D9B8 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | EXPEDIENTE :: 2020315 |
| | M ^e DOLORES FRANCO MATEO-SECRETARIA - 01/10/2020 DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 01/10/2020 CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 01/10/2020 14:02:45 | 20000038 Fecha: 08/09/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL |

